

Estacións de telefonía móbil en Chapela

Xurxo Lois Valcárcel Gil e 9 firmas mais – Redondela

Ante a alarma e inseguridade xeradas en Chapela entre unha importante parte dos seus habitantes pola instalación de varias estacións base de telefonía móbil situadas nas inmediacións de multitude de vivendas e dous colexios, que están a realizar desde hai moito tempo e con total normalidade unha actividade para a que non contan cos permisos precisos do Concello de Redondela, a excepción da ubicada no barrio de Cardona, e sen que ninguén, ata o momento, e malia ser caso coñecido, teña tomado medidas para impedir unhas irregularidades que poñen en risco a saúde futura dos membros dunha colectividade esquecida tradicionalmente pola súa administración local, os abaixo asinantes, mínima parte dos varios centos de veciños que a día de hoxe xa presentaron denuncias e alegacións pedindo a denegación de licenzas para estos aparellos e o seu desmantelamento, queremos solicitar das forzas políticas con representación na actual Corporación e das que aspiran a tela logo das vindeiras eleccións municipais, que fagan públicas as súas respectivas posicións sobre este asunto, e comuniquen á sociedade, de xeito claro e preciso, que medidas proporían para que no futuro non se volvan repetir situacións coma esta, que está a poñer en cuestión os dereitos das persoas á protección da saúde e a disfrutar dun medio ambiente adecuado.

Por riba dos dereitos dunhas empresas que xa amosaron o seu desprezo polas normativas do noso Concello están os dos veciños, e esto é indiscutible.

Xurxo Lois Valcárcel Gil e 9 firmas mais - Redondela

<http://www.farodevigo.es/secciones/noticia.jsp?pNumEjemplar=2970&pIdSeccion=20&pIdNoticia=131664#TOP>